

VIVIR A TERRA

Huo Meng, 2025

1812

ESTREA EN NUMAX: 14.08.2026 | V.O.S.E. | +12 | 130 min

En 1991, mentres China atravesa uns profundos cambios socioeconómicos que levan a moitos a abandonar as súas aldeas rurais en busca de traballo nas cidades, Chuang, un neno de 10 anos e o terceiro fillo da súa familia, debe ficar na aldea debido aos plans familiares. Nun contexto de modernización, onde a chegada da tecnoloxía transforma o seu modo de vida tradicional, os ciclos de nacementos, mortes, matrimonios e funerais reflicten o peso persistente da tradición e as dificultades de equilibrar as responsabilidades familiares nun mundo en constante cambio.

«Un fresco contemporáneo con modais de epopea tan intenso como desgarrador. Unha xoia»

Luis Martínez, EL PAÍS



Notas do director

Por Huo Meng

Vivir a terra explora o fondo impacto que este momento histórico tivo sobre as tradicións, as emocións e as relacións do pobo chinés. Como un vendaval imparable, aqueles cambios atravesaron todos os aspectos da vida. Ambientada na China rural de 1991, a historia e as emocións da película radican en séculos de historia, cultura e tradición, ao tempo que reflexan a mentalidade da sociedade contemporánea.

Quería mostrar como, cando as políticas sociais colectivistas chocaron con tradicións que tomaran forma durante milenios, a xente viuse obrigada a adaptarse en aspectos que puñan en cuestión o seu modo de vida. Tamén considerei importante reflectir as enormes presións, tanto sociais coma físicas, que sufriron as mulleres e que deixaron secuelas duradeiras e, a miúdo, irreversibles. Son temas extensísimos que se reflexan nas historias persoais dunha soa familia.

O meu director de fotografía, Guo Daming, e máis eu queríamos que a linguaxe cinematográfica xogase un papel fundamental. Queríamos que o filme se sentise contemporáneo, sen limitarse ao naturalismo nin ficar confinado ao realismo puro. Ao longo da rodaxe, debatemos constantemente como incorporar o meu punto de vista e a miña actitude sen deixar de apoiar a narrativa e potenciar a atmosfera. Os planos secuencia, os travellings e a composición de complexos cadros visuais axudáronnos a conseguilo. A colaboración co compositor Wan Jianguo e o deseñador de son Li Tao para crear unha banda sonora rica e estratificada tamén foi esencial para a estrutura do filme.

Rodamos o filme ao longo dun ano, seguindo o ciclo natural das estacións para destacar a autosuficiencia da vida rural tradicional e a súa fonda conexión cíclica coa natureza. A través do filme, o público ve como as persoas cultivan os seus propios alimentos, constrúen as súas casas cos materiais que lles achega a terra e confeccionan colchas e roupa co algodón que elas mesmas producen. Aínda que estes elementos son sinxelos de describir por escrito, darlles vida na pantalla requiriu unha planificación e unha execución minuciosas.

Filmar durante catro estacións e tecer unha narración que abrangue catro xeracións permitiunos construír un universo amplo e inmersivo no que puideron desenvolverse as cuestións relacionadas coa vida, a existencia e o paso do tempo, deixando ao mesmo tempo espazo para a interpretación. Por riba de todo, estou profundamente agradecido ao elenco que deu vida a este filme. Moitos deles viven baixo inmensas presións na súa vida cotiá, o que pode xerar unha impresión externa de indiferenza ou contención emocional. Porén, durante a rodaxe, cada intérprete impregnou o seu personaxe coas súas propias experiencias vitais, fusionándose de maneira natural con el. As súas actuacións revelan non só retratos ficticios, senón tamén paisaxes emocionais profundamente persoais e complexas, capas de sentimentos que doutro xeito poderían ficar ocultas. Isto reafirmoume na idea de que, por dura que sexa a vida baixo un sistema implacable cada individuo alberga unha necesidade innata de arte e de expresión.

Sempre hei lembrar a Zhang Caixia, que interpretou a avoa Guilan, dicindo ao remate da rodaxe: "Grazas, Meng. A partir de agora quero vivir a miña propia vida".

Publicado en avalon.me